



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 28 DE SETEMBRO DE 2015.

Concelleiros asistentes:

D. Carlos Carballés Penabad.
D. Mario Rouco Rey
D. José Danilo Requeijo Castro
D^a.Rosario Celia Rey López
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as dezanove horas do día vinte e oito de setembro de dous mil quince, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación D. Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión

extraordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Non asiste a concelleira D^a. Belén Chao Ramil quen excusa a súa ausencia por motivos laborais.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

1.- **CONTA XERAL EXERCICIO 2014.** Seguidamente dáse conta á Corporación da Conta Xeral do Orzamento correspondente o exercicio de 2014 co expediente tramitado e cos documentos que a xustifican, a cal foi rendida polo Presidente da Corporación na anterior lexislatura D. Issam Alnagm Azzam, e informada polo Secretario-Interventor D. José Antonio Mourelle Cillero en data 4 de xuño de 2015 e posta a disposición da Comisión especial de Contas convocada para o 10 de xuño de 2015 sen que se realizase a correspondente sesión por falta de quórum.

Constituída a nova Corporación e a Comisión especial de Contas someteuse a ditame desta Comisión en data 30 de xullo de 2015 e a información pública segundo o establecido na lexislación vixente sen que se presentasen alegacións.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr. Alcalde entende que a Conta Xeral de 2014 está chea de irregularidades e propón remitila ao Consello de Contas, non están acordando si aproban ou non aproban, senón remitir dita Conta ao Consello de Contas para a súa fiscalización.

Polo grupo Popular: o voceiro D. J. Danilo Requeijo Castro manifesta estar de acordo.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE tamén está conforme coa proposta.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos seis membros presentes, acorda remitir a Conta Xeral do exercicio 2014 ao Consello de Contas para a súa fiscalización externa.

2.- **RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE AGADER DECLARANDO A PERDA DE AXUDA PLAN MARCO MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.** O Sr. Alcalde da conta da resolución do Director Xeral de Agader do 17 de setembro de 2015 pola que se resolve o procedemento iniciado mediante resolución do 27 de xullo de 2015 e se declara a perda do dereito ao cobramento da axuda concedida ao Concello de Muras ao abeiro do Plan Marco: programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, en aplicación da epígrafe 8 do apartado referido ao Procedemento de execución do citado



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

Plan Marco, en aplicación do artigo 33.1f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Indica o Sr. Alcalde que a axuda concedida era de 102.009,00 euros para financiamento do proxecto "Camiño de Cuiñas de Arriba a Bestemuz de Arriba e Camiño de Culleretes a Ermida de San Antonio", cun investimento total de 123.430,89 euros, e dentro das cousas que viñan facendo o anterior ex-alcalde e os respectivos equipos de goberno hai cousas como esta, despois da toma de posesión esta Alcaldía o único que fixo foi remitir a documentación xustificativa dos investimentos realizados, unha certificación da obra Camiño de Culleretes a Ermida de San Antonio realizada por Excavaciones y Transportes Saavedra y López S.L. por importe de 65.212,95 euros, na cal inda están traballando por requirimento do goberno actual xa que non estaba rematada e faltaban uns 600 metros, inda que o ex-alcalde lle bastara con facer un tramo de asfaltado; tamén se remitiu outra certificación polo Camiño de Cuiñas de Arriba a Bestemuz de Arriba por importe de 58.217,94 euros.

O procedemento de execución do Plan Marco recolle no punto 8 a execución por parte do Concello dun único proxecto que inclúa tódalas actuacións, non o fixeron así e AGADER iniciaron expediente para declarar a perda do dereito da axuda, este Concello presentou alegacións para que non perde-lo citado dereito, pero a semana pasada comunican a resolución de perda da axuda, á vista de todo elo propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Facultar ao Sr.Alcalde para que, previa solicitude dos informes que estime pertinentes, interpoña recurso de reposición contra dita resolución, e de selo caso, inicie expediente de responsabilidade patrimonial.

Sometida a votación a proposta do Sr.Alcalde resulta aprobada co voto a favor dos seis membros presentes da Corporación.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte e unha horas e dez minutos, da cal levanto a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,

